



## COMUNICADO ÁS FAMILIAS DOS ALUMNOS/AS QUE SOLICITARON SER USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO 2022/23

Para dar cumprimento ao DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación (DOG do martes, 13 de agosto de 2013), e a INSTRUCIÓN 2/2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-2023, achégase a seguinte información:

1º.- Modelo de **autodeclaración de prezos públicos (Anexo II)** que deberá entregarse no colexio, asinado e debidamente cuberto por cada un dos alumnos/as matriculados para o curso 2022/2023. Só están exentos de presentar este impreso de autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no Artigo 11 do Decreto e que se recollen ao final deste escrito.

2º.- Folla informativa coas especificacións de cómo obter a renda familiar e as modalidades de unidade familiar.

As autodeclaracións deberán de entregarse no centro, cubertas en todos os seus extremos. Aínda que o prazo de presentación remata o 8 de setembro, por motivos de organización e funcionamento é aconsellable entregalas antes do período de vacacións, **entre o 4 e o 7 de xullo**, en horario de 9:30 h a 13:00 h. na secretaría do centro. No caso de que non desexen que o seu fillo/a faga uso do servizo de comedor, deberán comunicalo antes do día 8 de setembro.

Aproveito para lembrarlles que o apartado 6.2.6 da Instrución que arriba se menciona, establece a obrigatoriedade de que os usuarios lle comuniquen ao centro os días que non van facer uso do comedor, antes das 9:45h. de cada día. Así mesmo segundo as instrucións ditadas pola Secretaría Xeral Técnica, os usuarios do servizo de comedor que durante o prazo dun mes non fagan uso do citado servizo, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas. O alumnado que non faga os pagamentos mensuais antes do día 20 de cada mes, causará baixa automática e non poderá seguir facendo uso deste servizo.

Poden consultar o Decreto e baixar os impresos de autodeclaración na páxina Web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipramondevalenzuela/>, onde

tamén se colgarán todas as novas que xurdan sobre este particular. Desde o colexio intentaremos axudalos nas dúbidas que lles poidan xurdir.

Serán usuarios gratuítos dos comedores escolares:

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de Educación Infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000€.

As unidades familiares que se atopen nestes supostos soamente terán que presentar no centro a documentación acreditativa das situacións que lles fan acredores á gratuidade.

Bandeira, 29 de xuño de 2022

Asdo. Dixitalmente  
Antonio Álvarez Ensá  
Director do CEIP Ramón de Valenzuela